

## Manuel Lourenzo: Séculos a escribir teatro

[Afonso Becerra](#) Outubro de 2024. Número 108 de Erregueté

<https://erreguete.gal/2025/08/10/manuel-lourenzo-seculos-a-escribir-teatro/>

Sábado 26 de outubro de 2024. Parece o primeiro día de inverno, porque chove e na Coruña hai unha temperatura duns 12 graos. Esta noite cambia a hora, hai que atrasala. Hai unhas semanas concedíanlle a Manuel Lourenzo o Premio da Cultura Galega das Letras e isto serviunos de feliz excusa para decidir que había que facerlle unha entrevista, ao dramaturgo de 81 anos, o máis prolífico e o máis premiado da historia da nosa literatura dramática. Manuel Lourenzo, autor da versión do *Woyzeck* de Büchner coa que debutou, hai corenta anos, o Centro Dramático Galego (CDG) e que, dentro dos actos do corenta aniversario da nosa institución teatral, tamén botou man do seu *Filoctetes* para a coprodución con Culturactiva de *Nada se sabe*, estreada na 40 MIT Ribadavia 2024.

Veño contento facerlle a entrevista por todo iso, pero sobre todo por volver velo e podermonos abrazar. Manuel Lourenzo foi unha das persoas, tamén Francisco Pillado Maior, que mellor me acolleron cando retornei a Galiza. Trátase dunha das persoas do mundo do teatro galego máis xenerosas e das que máis axudaron á xente nova interesada polo teatro. Recíbeme na súa casa con alegría e creo que o sentimento de cariño é mutuo e grande.

**[AFONSO BECERRA:] Antes de nada, como estás?**

[MANUEL LOURENZO:] Potente, traballo todo o día! O que pasa é que o fago dunha forma moi individual e non estou afeito a iso, porque o meu traballo sempre foi con outras persoas e movéndome dun sitio para outro e agora é un traballo solitario. Móvome só para facer exercicio. Habitualmente traballo polas mañás, fóra da casa, nun bar na Praza de Vigo, onde teño unha mesa adxudicada e, despois pola tarde, veño para a casa.

**E que diferenza hai respecto a cando estabas en Casahamlet e traballabas directamente con actrices e actores?**

Esa é a desgraza. Hai persoas que pasan polo bar ese onde vou traballar e falamos, pero é diferente. É tremendo non poder estar facendo teatro. Para min é o drama máis grande, pero, como pasa con todas as cousas, aprendín a levalo. Pero, si, a cousa máis tremenda é retirar a socialización do teatro, non só para escribilo senón tamén para facelo. Non poder estar constantemente a debater, a ver formas...

**Non obstante, ti acumulas unha longa experiencia de traballar e investigar no escenario. Imaxino que toda esa experiencia acumulada xa a tes incorporada e, cando te pos a escribir, aínda que non teñas esa socialización, axúdache.**

Iso é certo, pero é diferente. Agora boto moito de menos o contacto con amigos, a realidade do teatro, con todo o bo e o malo, a transixencia e a intransixencia, a loita...

**As loitas humanas e as negociacións, porque o teatro non o pode facer unha persoa soa.**

Evidentemente. O que pasa é que, por sorte, tamén teño unha imaxinación... que logo non me chega o tempo para nada. Estou practicamente todo o tempo creando algo. Desde a época da pandemia, que foi cando deixei a praxe do teatro, non sei xa cantas pezas escribín. Non as publiquei aínda porque non as teño corrixidas, porque quero que as mire outra persoa. Unha persoa que aprecio moito e que está moi preto de min, pero que cada vez ten menos tempo. Así que estou á espera. Non obstante, para o ano sairá un libro con cinco ou seis pezas, porque xa non podía aguantar máis. Logo hai outro, que é co que estou, no que quero renovar a miña linguaxe. Porque agora, ao traballar así, a linguaxe tamén pasa a ser outra cousa. É unha linguaxe moi concisa, todo aquilo que vexo que difumina algo, elimínoo. Adornos, florituras... todo fóra, todo fóra! O que me interesa é chegar a ser tan grande como para escribir *Os persas* de Esquilo.

**Que é a peza teatral máis antiga que se conserva!**

A min é, quizais, unha das pezas teatrais que máis me influíron. Máis próximas, as de Cunqueiro, que me entusiasma, e xa non digamos Shakespeare. García Lorca, Valle – Inclán... son autores con obras que me arrebatan, nas que non falta nada nin sobra nada, nas que todo ten que ver co humano, cun interese polo humano.

**Cantas obras levas ti escrito, se é que es capaz de levar a conta?**

Pois non sei...

**Pasa de trescentas, non si? Entre pezas curtas e extensas.**

Si, se contas as pezas breves, pasa de cincocentas...

**Imaxínate que nunha universidade ou nunha escola superior de arte dramática, unha profesora quixese traballar co alumnado sobre a poética da túa obra e necesítase escoller só un ou dous títulos. Cales lle recomendarías para que puidesen coñecer ben o teu teatro?**

Ui... Hai obras que significaron moito traballo, obras posiblemente influídas polo teatro grego ou por Shakespeare, por Cunqueiro... E hai outras obras menores, pero que significaron moito para min. Por exemplo, que sei eu, significou moito para min... (silencio) os traballos que fixen con Luísa Merelas. Por que? Porque era un ser único no mundo. Era un ser visionario que todo o sabía antes de aprendelo. Luísa, nun ensaio, preguntábache: Manolo que fago, subo, baixo? E eu dicíalle: Mira, Luisiña, fai o que che pida o corpo. Porque sabía que iso ía ser o mellor e efectivamente. Eu non tiña nada que corrixir. Só podía dicir: mira, imos facer isto. Así, en plural, para que estivese tranquila. Pero eu sabía que ela tiña a xenialidade de absorber e entender calquera cousa mellor ca min. Entón era eu quen aprendía dela. E mira que, logo, era unha persoa moi distraída, que lle pasaban cousas que a ninguén lle pasaban, como a primeira vez que colleu un avión e, cando estaba dentro, intentou abrir a ventá para respirar mellor. Cousas que para a maioría da xente resultan simples, para ela podían ser complicadas, pero despois collía un Cunqueiro, por exemplo *A noite vai como un río*, e papábao á primeira. Un dos traballos que lle puxen unha vez foi *Muller de mulleres*, que era sobre personaxes femininas de diversos autores.

Mulleres que foran seleccionadas por min para expresar o que máis me interesaba expresar no teatro. Púxenlle aquilo nas mans e eu xa non fun ninguén alí. Dábaslle a Gerda de *Don Hamlet* de Cunqueiro e expresábaa de tal maneira que eu non entendo como se pode facer algo así. É máis, desde entón, se volvo ler o *Don Hamlet*, xa o lin tantas veces que case o sei de memoria, cando chego a Gerda só podo escoitar a Luísa Merelas, e non pode ser doutra maneira. Collo os personaxes de *A noite vai como un río* e é a voz de Luísa Merelas a que aparece alí. Aínda que pasen anos e anos e anos. Este milagre que algunhas veces acontece, cando un ten a sorte de tropezar con alguén así.

E Luísa era unha alumna miña, de primeiros de Bacharelato, que non era especialmente brillante nos estudos, excepto en literatura e en facer teatro, porque daquela eu utilizaba os monicreques para as clases de literatura e de historia, para que non se despistasen e se divertisen os alumnos. Tiñamos uns cincuenta monicreques que fixeramos entre o alumnado e eu. Así, cos monicreques dialogando, aprendían moito mellor e eu tamén aprendía. Despois era todo máis fácil, porque fora xogado e traballado antes. Así que eu non sei se ela tivo a sorte de dar comigo ou eu a sorte de dar con ela. Creo que eu a sorte de dar con ela, porque non é fácil encontrar un ser así.

**Coa perspectiva que che poden dar os anos, desde aqueles anos sesenta do século pasado, cando ti comezaches, até agora, con todo o que leva mudado desde entón, cres que o teatro segue a ter a mesma función?**

Penso que é a mesma exactamente. O que pasa é que en cada época hai unha acepción diferente. Na actualidade, creo que non estamos a gozar dun momento moi glorioso do teatro, porque quizais está moi disperso en “farfulladas”. É un pouco o mesmo que pasa co galego. Xa ves, estes días, os informes que hai sobre as condicións nas que está a nosa lingua. No tempo hai ires e vires, ondas diferentes, o que implica a necesidade dunha recuperación de todo. A crise da lingua e a do teatro tería que remexernos. Cando se ve o perigo que hai, de que perdamos unha das cousas máis importantes que temos, que é a nosa orixe, teremos que reaccionar, porque iso non se pode desbotar, a menos que sexamos idiotas, claro. As orixes non se poden borrar!

**Pero a idiotez no ser humano existe, non a teñen os paxaros ou os cans, pero nós si.**

Existe e ten moito poder. E isto que sabemos todos, este afán de destrución, tamén existe e ten moito poder. E, para min, no teatro tamén pasa isto, que está nunha grande decadencia, xa desde finais do século XX. A decadencia tamén está na nosa acepción do teatro. Eu vivín en momentos do teatro nos que non había teatro galego debido á circunstancia franquista, nos que non había practicamente nada, porén, fomos uns poucos os que arrancamós aí nese contexto, contra todo. E tamén o pagamos, eh! E algunhas veces non o pagamos con diñeiro, pagámolo a hostias. Recibidas, eh! Non dadas. Entón, houbo aquel momento de rebeldía desde o teatro, no que non nos escapulimos dos problemas, senón que os enfrontamos e os puxemos enriba dos escenarios. Houbo un tempo así.

Lembro que eu viaxei moito por toda a Península, facendo teatro en galego, porque eu nunca traballei en castelán. Teatro de autores de aquí e tamén clásicos en lingua galega, levaba un *Fausto*, pero tamén unha peza de Cunqueiro, e nunca tiven unha queixa ou unha resposta fea. Leva hoxe teatro en galego por aí, por España, e xa non digo só ás capitais! Primeiro, a ver se van e, segundo, a ver se non protestan. Antes vivías nunha Ditadura, pero a aceptación do diferente, por parte dunhas minorías que ían ao teatro, era moito maior que hoxe en día, vivindo nunha democracia na que tes oportunidade de facelo e, porén, non se fai. Eu pasei de gañar o gran

premio de teatro do Festival de Sitges por *Edipo Rei* a non poder saír con ningunha obra en galego por ningún lugar de España.

**Comezou a democracia e, se cadra, coa profesionalización maior comezaron a mandar os cartos.**

Unha das cousas graves que pasaron foi que, no momento no que aparecen os cartos, apareceu tamén a profesionalización do teatro. E é curioso, porque o teatro pode ser profesional porque hai diñeiro e, como hai diñeiro, métese aí todo o mundo. Todo o mundo aínda que odie o teatro, porque é unha maneira de non traballar moito e sacar diñeiro de aí. Ou de lucirse e de sacar diñeiro de aí. Para min, clarisimamente, aí comezou a derrota do teatro. E poderíache dicir, pero non quero, o nome de todas as compañías e de todas as persoas que colaboraron grandisimamente a que esa derrota fose absoluta.

**Ti tes todos os premios que hai en Galiza e tamén tes premios a nivel estatal como o Premio Nacional de Literatura Dramática por *Veladas indecentes*, fáltanos o Princesa de Asturias e o Nóbel, pero aínda poden chegar...**

(Risos) Que tontería!

**Pero a onde quero ir chegar é que che acaban de dar o Premio da Cultura Galega non de teatro ou de literatura dramática, senón das Letras.**

A min tamén me sorprende. Será para darme o premio como escritor. Debe ser porque publiquei as supostas obras completas, con seis tomos... Ao mellor é por iso. Tamén é para meterme nese estatuto, aí nas letras, veña... a traballar soíño!

En todo caso, acóllo con agradecemento e con orgullo, porque é resultado do traballo de toda unha vida, dedicado sempre ao mesmo, escribindo sobre o que eu máis quero, sobre o país, sobre a xente. Eu amo á xente, entendes?

Sempre gostei da literatura, aínda que o meu sexa o teatro, sempre escribín moreas de obras, aínda que soubese que non se ían poñer en escena. Nunca fixen ningunha xestión para que os meus textos se puxesen en escena. Se algún día lle interesan a alguén que os poñan. O meu traballo é escribilas e algunhas delas escribinas para facelas eu, porque me interesaban, por exemplo *Xoana*, a que chaman a tola, a de Castela, cando os tolos eran o pai e a nai e non ela, sobre todo a nai e logo dicían "Juana la loca". Non señor! "Isabel la loca!" E eu quixen falar diso, á miña maneira. Hoxe faríao con moita máis violencia, porque teño máis coñecemento e lin máis cousas sobre Xoana.

A min pásame unha cousa: o teatro que chamamos clásico, da Grecia clásica, Shakespeare, Cunqueiro, está continuamente fluíndo en min e eu estou volvendo a el. Porque sempre penso que esquecín algo alí, que hai unha riqueza que non souben ver. Pero tamén hai autores novos que aparecen, que me tolean a cabeza e que necesito ir a eles constantemente. Por iso teño dúas bibliotecas enormes, con autores que non me dá tempo a reler todas as veces que eu necesitaría para telos ben incorporados. E despois, teño a sorte de ser deste país, no que hai unha tradición oral moi importante e eu tiveron a sorte de nacer nunha aldea e vivir alí até o bacharelato, entre as montañas e o val, onde todo se contaba, aínda que fose polo baixo, onde a relixión era algo moito máis amplo que a Biblia. E eu fun absorbendo moito de todo iso. E iso ficou perenne en min e volven á miña memoria lembranzas que me poñen a escribir. Eu necesitaría polo menos cen anos máis para escribir todo o que quero escribir. (Risos) Para dicir aínda algunhas cousas que quixera ter tempo de dicir.

Agora, por exemplo, estou a escribir dunha maneira diferente, que vai revolucionar todo o que escribín antes.

### **Que muda?**

Que non hai referencias nin acoutacións e que, ás veces, hai unha especie de escurantismo en canto a personaxes, en que ás veces é tan colectiva a cousa que... hai que ter vivido noutra época para darse conta do que estás vendo. Misterios da alma humana que saen ao papel. E, se a alguén lle interesa, que os saquen ao escenario.

O caso é intervir, eu fágoo á miña maneira. Un dramaturgo non se xubila e debe seguir intervindo. Máis aínda no meu caso, que son un “traumaturgo”, como fun chamado unha vez por un membro dun xurado. E gustoume iso!

### **Como “Profesor de Honra” da ESAD de Galiza, que consello lle darías ao estudantado que quere dedicarse ao teatro?**

Que sexan moi esixentes, primeiro consigo mesmos e despois co profesorado, que esixan respostas para todo aquilo que non teñen resposta, porque hai que ter respostas, non se pode un escapulir de nada, de nada! Compromiso!

### **E algún consello para a xente que está comezando a escribir para os escenarios?**

Pois que aguante todo o que poida. Escribir ten moito de solitario e entón tes que crearte un carácter de esixencia. Romper aquilo que non che vale. Someter á crítica o que fas. Someter á visión dos outros o que escribes, porque iso é moi importante. Non vaia ser que te creas un xenio e logo, ao cabo de vinte anos, vaias descubrir que es un pelagatos.

[AFONSO:] Rematamos a conversa reflexionando sobre o labor do teatro fronte a un mundo inzado de inxustizas, espertando conciencias, no que nin os tribunais nin os sistemas educativos conseguen deter a barbarie. Manuel saca o tema das guerras, o asasinato homófobo de Samuel Luiz na Coruña... a maquinaria de enriquecemento e do poder. Falamos de moitos asuntos, rimos e poñémonos serios. Incluso me le, con paixón e con moito tino interpretativo, un fragmento do último que está a escribir, redactado a man nun caderno. Constató que o dramaturgo está en plena forma, a súa escrita dramática delátalo.

Pregúntolle se quere comentar algo que eu non lle formulara e retrúcame que el podería estar falando de teatro horas, días e anos... Ao final, di que o que lle gustaría, en realidade, é ter máis visitas de amigos para falar, porque ultimamente leva unha vida un pouco máis retirada e non polo seu gusto. O encontro remata cun abrazo deses que non se esquecen, porque se dan con agarimo fondo, entre persoas que se queren.